



## INFORME SOBRE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE SUSPENSIÓN DE TRABALLOS NA MINA DE SAN FINX

SOLICITANTE: xefe territorial

Ref.: Sección de Minas  
Expte: IN330A 2020-1

### FEITOS

Pola súa nota interior do 26.02.2020 requirióseme a emisión dun informe sobre o novo proxecto de suspensión temporal de labores da mina de San Finx. A dita tarefa ten carácter prioritario dentro das funcións de control técnico e inspección que me foron asignadas en relación a dita explotación mineira segundo a devandita nota interior.

Pola Sección de Minas desta xefatura territorial dásese traslado en data 27.02.2020 do expediente en formato dixital da solicitude que TUNGSTEN SAN FINX SL formula para que se acorde por outros seis meses a suspensión temporal de traballos na mina de San Finx.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- A Lei 22/1973, do 22 de xullo, de Minas e o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería que a desenvolve, en particular os seus artigos 71 e 93 respectivamente.
- A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- O Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

### INFORME

O expediente que se me traslada contén unicamente o escrito de solicitude, non achegando proxecto ningún. Neste escrito recóllense os motivos nos que se fundamenta a necesidade de prórroga de suspensión temporal de traballos por outros seis meses. Estes motivos son a imposibilidade de desaugar as augas que inundan a mina ata a cuarta planta na zona de Pozo Nuevo pola falta de resolución do expediente de solicitude de autorización de intensificación puntual de desaugue para a mina, que foi instado o 26.11.2015 ante a Dirección Xeral de





Industria, Enerxía e Minas, e pola falta de resolución do expediente de solicitude de autorización de verquido para augas de achique xeradas durante o funcionamento da explotación, que foi instado ante augas de Galicia o 18.03.2016. A persoa peticionaria indica que estes motivos impiden a explotación da mina.

Os motivos argumentados son os mesmos nos que se fundamentou a suspensión por seis meses autorizada por resolución desta xefatura territorial do 26.01.2018 ao apreciar causas de forza maior, impondo unha serie de condicións orientadas a garantir a seguridade na explotación e para as persoas, cousas e o medio ambiente. Dende entón a mina mantéñese paralizada segundo conclúese das solicitudes de paralización formuladas polo titular nos anos 2018 e 2019, do declarado nos plans de labores presentados nos ditos anos e do reflectido nas actas de inspección levantadas por persoal técnico desta xefatura en datas 18.01.2019 e 06.06.2019.

A regulación da suspensión temporal de traballos está contida no artigo 71 da Lei 22/1973, do 22 de xullo, de Minas, e no artigo 93 do Regulamento Xeral para o Réxime da Minería que o desenvolve. O dito artigo 71 establece que os traballos deberán realizarse con sujeción aos proxectos e plans de labores aprobados, non podendo demorarse a súa iniciación nin paralizarse sin previa autorización da Delegación Provincial correspondiente ou da Dirección Xeral de Minas segundos casos que fixará o Regulamento desta Lei.

O artigo 93.1 do Regulamento, na redacción literal do seu parágrafo segundo, di:

“1. ....Se por causas de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas pola Delegación Provincial, tales como as climatolóxicas, carencia irremediable de man de obra ou de outros elementos de traballo, falta de mercado, necesidade de ampliar a investigación ou outros similares, houbesen de ser suspendidos os traballos, o titular ou explotador legal poderao en coñecemento da Delegación Provincial a cal, previos os informes que estime oportunos, poderá autorizar a suspensión por tempo non superior a un ano, dando conta do seu acordo a Dirección Xeral de Minas e Industrias da Construcción e notificándoo ao interesado.

2. Corresponderá ditar resolución á Dirección Xeral de Minas e Industrias da Construcción nos casos seguintes:

- a) nos de demora na iniciación dos traballos ou cando se solicite a suspensión por mais de seis meses.
- b) cando o recurso ou recursos haxan sido declarados prioritarios polo Ministerio de industria e Enerxía.
- c) cando a concesión ou grupo de concesións obxecto da paralización afectan a mais dunha provincia.

Do indicado, apréciase que a suspensión dos traballos desta explotación mineira ven sendo superior aos seis meses polo que, de acordo co dito no parágrafo anterior, entendo que o órgano competente para a súa resolución é a Dirección Xeral de Enerxía e Minas.





En canto aos motivos nos que o explotador fundamenta a súa solicitude hai que salientar que efectivamente constitúen unha situación que impide a operación da explotación mineira por non ter tódalas autorizacións legais necesarias. Con todo, considero que dita circunstancia non constitúe unha causa de forza maior, xa que a necesidade destas autorizacións, por ser legalmente exisidas, pódese prever e non é unha cuestión excepcional. Ademáis, débese ter en conta que os procedementos aos que se refire o petionario teñen superado o prazo establecido na súa lexislación específica para a súa resolución, polo que ata a data e ao ter o silencio administrativo carácter negativo, débese considerar que as ditas autorizacións están denegadas.

Por outra banda, comprobei que na unidade Minas-T, na carpeta arquivo dixital, para esta mina consta unicamente o proxecto de explotación suscrito polo enxeñeiro técnico de minas Joaquín Eulalio Ruíz Mora, que foi aprobado polo Conselleiro de Economía e Industria o 28.12.2009. Ao dito proxecto de explotación subrogouse TUNGSTEN SAN FINX SL ao adquirir no ano 2015 a titularidade das concesións mineiras que constitúen esta explotación.

O devandito proxecto de explotación recolle un plan xeral de explotación da mina en 5 fases sucesivas, se ben unicamente desenvolve os traballos a realizar nos 5 primeiros anos. Estes traballos correspóndense coa primeira fase que se concreta na explotación da 4ª planta Buenaventura. Neste proxecto orzaméntase unicamente o primeiro ano de explotación.

Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural) non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.

## CONCLUSIONES

Por todo o exposto no corpo deste informe, considero que o que procede é elevar o expediente á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que:

1. Resolva denegar a suspensión de traballos solicitada por non apreciarse causas de forza maior nos motivos expostos.
2. Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de





inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos exisidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

3. Durante o prazo de suspensión o titular, ademáis de estar obrigado ao mantemento dos labores de conservación, de vixilancia, de ventilación e de desaugue cando este proceda, deberá adoptar as medidas que garantan a mitigación dos danos ambientais que poidan provocarse polo estado actual da mina, en particular os que poidan afectar ao estado do medio receptor das augas que saian dela.
4. Transcorrido o prazo da suspensión sen terse regularizada a situación da explotación, o titular debería presentar o proxecto para o seu peche.

Estas son as miñas observacións e suxerencias, que lle traslado para a súa consideración no expediente de solicitude de autorización de prórroga de suspensión temporal de traballos na mina de San Finx.

A Coruña, na data sinalada á marxe

A enxeñeira de funcións facultativas

(asinado dixitalmente)

María José Mijares Coto

